

Como é o proceso de Revisión das cualificacións dos exames das ABAU?

Seguindo o marco lexislativo en vigor, establécese un único proceso de revisión. Neste novo proceso de revisión analizarase en primeiro lugar se houbo algún erro material na corrección (preguntas sen corrixir ou erros nas sumas). No caso de existir algún erro material modificarase a cualificación, tanto á alza coma á baixa. Esta cualificación, P, pasa a ser a nova cualificación provisoria.

Deseguido realízase unha segunda corrección por un novo corrector/a. Se esta segunda cualificación, S, ten unha diferenza menor de dous puntos con P, a cualificación definitiva será a media aritmética: $(S+P)/2$. Se a diferenza entre S e P é de dous ou máis puntos, un terceiro corrector/a efectuará unha nova corrección, indicada por T, e a cualificación definitiva será a media aritmética das tres: $(P+S+T)/3$.

Podo ver os exames corrixidos?

Si.

Debes solicitar que exames desexas ver corrixidos, despois do proceso de revisión.